



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, **Alfonso Rueda Valenzuela**, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia creado por Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Segundo. O Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicamento legal (funcións asumidas a través do





XUNTA DE GALICIA



Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, para o que promoverá a formación e perfeccionamento destes e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en psicoloxía. Tamén son funcións propias do Colexio o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

Cuarto.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Quinto.- A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular da subvención e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder dar resposta a gran demanda de valoración psicolóxica por parte dos xulgados e tribunais en materia de familia, con especial significación da ligada á materia penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.)

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS





XUNTA DE GALICIA



Primeira. Obxecto, beneficiario e condicións do convenio.

O obxecto deste convenio é a colaboración na realización, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia.

Os/as psicólogos/as que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

1º.- O desempeño de actividades de similares características

2º.- A formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica

A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais procederase con arranxo ás seguintes normas:

I. Solicitude.

Os/as psicólogos/as exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e de acordo coas instrucións concretas que estes indiquen para cada caso. En todo caso actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

II. Selección de psicólogos/as.

Para a selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar os informes periciais, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborará unha lista específica, distinta á establecida para as Oficinas de Atención ás Vítimas.

Os/as psicólogos/as que concorran ao proceso de selección organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
2. Non estar cumprindo unha sanción da Comisión Deontolóxica.
3. A presentación dunha declaración responsable de non ter incompatibilidades profesionais. A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais prevista no presente convenio é incompatible con exercer funcións de psicólogo/a adscrito á Administración de xustiza como psicólogo/a forense ou nas Oficinas de Atención a Vítimas





XUNTA DE GALICIA



dependentes da citada Administración.

4. Ter acreditadas un mínimo de 300 horas de formación, das cales 200 horas deberán ser da área da psicoloxía xurídica e forense, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área, etc.
5. Realizar un mínimo de 8 informes periciais acreditados documentalmente debendo ser como mínimo un (1) deles do ámbito civil.
6. A presentación dunha declaración responsable de estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos.
7. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.
8. Contar con despacho profesional na provincia na que solicite a súa pertenza á lista de reforzo, o que se deberá acreditar documentalmente.

III. Listaxes.

Unha vez que o/a psicólogo/a entre a formar parte da lista de reforzos para a emisión de informes periciais psicolóxicos asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así como do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderase renunciar á realización do informe pericial por causas de forza maior debidamente acreditadas.

Efectuarase un sorteo nacional para determinar a letra pola que se iniciará o funcionamento da lista.

Naqueles colexios oficiais nos que o número de colexiados sexa reducido poderase valorar unha flexibilidade nos requisitos esixidos nos puntos 4 e 5 do parágrafo anterior. Dita flexibilidade supoñerá que os requisitos esixidos serán os seguintes:

- a. Ter acreditadas un mínimo de 150 horas de formación, das cales 100 horas deberán ser da área da psicoloxía xurídica e forense, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área, etc.
- b. Realizar un mínimo de 4 informes periciais acreditados documentalmente debendo ser como mínimo un (1) deles do ámbito civil.

IV. Realización do informe pericial psicolóxico





XUNTA DE GALICIA



Unha vez asignado o profesional para a elaboración do informe psicolóxico, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contactará por correo electrónico con el, outorgándolle un prazo máximo de 4 días laborables para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante o funcionario correspondente. A aceptación do encargo levará implícita a aceptación de todas aquelas actuacións que o órgano ou oficina xudicial requira en relación co informe psicolóxico a realizar. A través do órgano xudicial, o/a psicólogo/a realizará a primeira citación do suxeito obxecto de avaliación, co fin de que quede constancia oficial da citación.

Todas as actuacións necesarias para a elaboración do informe serán realizadas no despacho profesional, que estará situado na provincia onde sexa solicitado o informe pericial, e con medios propios, salvo aquelas que teñan que ser realizadas en sede xudicial ou nos locais que o órgano xudicial designe.

O prazo máximo para a entrega do informe ao órgano xudicial que o solicitou será de 40 días desde a aceptación do encargo, salvo casos xustificados debidamente acreditados.

Unha vez realizado o informe pericial o/a psicólogo/a presentaráo ao órgano xudicial petionario e remitirá copia ao Instituto de Medicina Legal de Galicia.


V. Prezo do informe.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único por informe de 420 euros (IVE incluído), que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Elaboración, redacción, emisión e entrega do informe
- Desprazamentos
- Aclaracións, ratificacións, asistencia e, en xeral, calquera actuación ante o órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.

Segunda. Capacidade

Previamente á formalización do presente convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de





XUNTA DE GALICIA



Galicia presentou ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscrición do presente convenio.

Terceira. Compromisos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente convenio, facilitando os/as psicólogos/as que realicen os informes periciais.

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste convenio, non levará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación por un máximo de 112.000,00 €, concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio.

Cuarta. Créditos orzamentarios e contías derivados do convenio.

O presente convenio financiarase co orzamento de gastos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con cargo á aplicación orzamentaria 05.22.131A.481.0. A compensación prevista no presente convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade psicolóxica ata un importe máximo de 112.000,00 € sendo abonada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, do seguinte xeito:

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a aboar ao Colexio Oficial de

Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia



XUNTA DE GALICIA



Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de 420 euros (IVE incluído) por cada informe, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.

- Ademais, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza compensará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización da actividade realizada cunha cantidade de 1.500 euros (IVE incluído).

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Quinta. Comunicación de subvencións recibidas.

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda obrigado a comunicar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no momento da súa solicitude e/ou concesión, se conta con algún tipo de axuda ou subvención para os mesmos fins, a súa contía, entidade ou posible entidade que a concede e data de solicitude e/ou concesión.

Sexta. Prazos e forma de abono e de xustificación.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os



XUNTA DE GALICIA



documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.

- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre a sinatura do convenio e o 31 de decembro de 2017, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 31 de decembro de 2017. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

Sétima. Confidencialidade da información e dos resultados.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais os/as psicólogos/as que realicen as periciais comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e



XUNTA DE GALICIA



familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Oitava. Publicidade do convenio

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena. Efectos do convenio.

O presente convenio fornecerá efectos desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cun prazo mínimo de 30 días á data en que se pretenda a súa expiración.

Décima. Comisión de Seguimento.

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dous representantes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e dous representantes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e reunírase como mínimo unha vez ao ano, e facultativamente canto se considere necesario a petición dalgunha das partes.





XUNTA DE GALICIA



A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos, polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

Décimo primeira. *Natureza xurídica e resolución de controversias.*

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro en virtude do establecido no seu artigo 4.1.d).

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente en o lugar e data anteriormente indicados

Pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Mª Rosa Álvarez Prada